

Enquisa social 2008: Fogares e Medio Ambiente

METODOLOXÍA

Introdución

A Enquisa Social 2008 é resultado dun proxecto de colaboración entre o INE e os institutos de estatística de varias comunidades autónomas: Galicia, Cataluña, Andalucía, País Vasco e Navarra. A temática elixida foi a de fogares e medio ambiente.

1. Obxectivos e utilidades

Os obxectivos principais da Enquisa Social 2008 son:

- Investigar os hábitos, pautas de consumo e actitudes dos fogares en relación co medio.
- Estudar o equipamento das vivendas e o uso que fan deste en relación cos diferentes aspectos do medio, co fin de que se poidan formular políticas do medio relacionadas cos fogares (aforro enerxético, redución do consumo de enerxía, separación do lixo, ...).

2. Ámbito de investigación

Ámbito poboacional

A poboación obxecto de investigación (poboación obxectivo) é a do conxunto de vivendas familiares principais e o conxunto de persoas que residen nelas.

Para a Enquisa Social 2008 e dado o tema a tratar, o ámbito poboacional esténdese ás persoas de 16 e máis anos que residan en vivendas familiares principais.

A Enquisa Social vai dirixida á poboación que reside en vivendas familiares principais, é dicir, as utilizadas durante todo o ano ou a maior parte del como vivenda habitual ou permanente. Non se consideran, pois, nin os chamados fogares colectivos (hospitais, residencias, cuarteis, etc.) nin as vivendas secundarias ou de tempada (de veraneo ou fins de semana), non obstante inclúense as familias que, formando un grupo independente, residen nos devanditos establecementos colectivos (por exemplo o director ou conserxe do centro).

No caso particular de familias que utilizan dúas vivendas de maneira habitual (a nai, soa ou con fillos, nunha delas, e o pai noutra por razóns de traballo, estudos, etc., ou familias completas utilizando dúas vivendas á vez e por tempadas) considérase como vivenda principal aquela que a propia familia recoñeza como tal. A outra vivenda considérase como secundaria.

Por último, advertir que, no que respecta á delimitación do que se considera vivenda obxecto da enquisa ou enquisable, a denominación xenérica de vivenda familiar inclúe aquela na que os seus compoñentes non teñen vínculos familiares, sempre que como grupo humano, cumpra as características precisas para ser enquisable.

Ámbito xeográfico

O ámbito xeográfico abarca todo o territorio galego.

Ámbito temporal

O ámbito temporal correspóndese co segundo trimestre do ano 2008.

Períodos de referencia

Os períodos de referencia varían en función dos bloques de preguntas do cuestionario (última semana, último mes, último ano,...).

3. Definicións e aspectos metodolóxicos

Co fin de asegurar a comparabilidade entre diversas fontes no que se refire ás características comúns que poidan existir, utilízanse as mesmas definicións que en enquisas existentes.

Neste apartado recóllense de forma explícita os principais conceptos básicos da enquisa (vivenda familiar, vivenda familiar principal, fogar, membros del fogar, persoa de referencia,).

Vivenda

Recinto estruturalmente *separado e independente* que, pola forma na que foi construído, reconstruído, transformado ou adaptado, está concibido para ser habitado por persoas ou, aínda que non fose así, constitúe a *residencia habitual* de alguén. Como excepción, non se consideran vivendas os recintos que, a pesar de estar concibidos para habitación humana, están dedicados totalmente a outros fins (por exemplo, os que están sendo utilizados exclusivamente como locais).

Un recinto considérase **separado** se está rodeado por paredes, muros, tapias, valos..., atópase cuberto por teito, e permite que unha persoa ou un grupo de persoas, se separe doutras, co fin de preparar e consumir os seus alimentos, durmir e protexerse contra as inclemencias do tempo e do medio.

O recinto considérase **independente** se ten acceso directo dende a rúa ao terreo público ou privado, común ou particular, ou ben dende calquera escaleira, corredor..., é dicir sempre que os ocupantes da vivenda poidan entrar ou saír dela sen pasar por ningún recinto ocupado por outras persoas.

En todo caso, tense en conta a situación actual do recinto-vivenda e non o estado primitivo de construción, de modo que nas agregacións ou subdivisións de vivendas se consideran cantas unidades resultaran do proceso de transformación, sempre que cumpran as condicións anteriormente definidas, e independentemente, por tanto, da súa situación inicial de construción.

Hai dous tipos de vivendas: *vivendas colectivas* (tamén coñecidas como establecementos colectivos) e *vivendas familiares*. Á súa vez, dentro das vivendas familiares, hai un subtipo denominado *aloxamento*. A continuación, detállanse as definicións de cada un destes conceptos.

Vivenda colectiva

Vivenda destinada a ser habitada por un colectivo, é dicir, por un grupo de persoas sometidas a unha autoridade ou réxime común non baseados en lazos familiares nin de convivencia. A vivenda colectiva pode ocupar só parcialmente un edificio ou, máis frecuentemente, a totalidade do mesmo.

Inclúense tanto os establecementos colectivos (conventos, cuarteis, asilos, residencias de estudantes ou de traballadores, hospitais, prisións, etc.), como os hoteis, pensións e establecementos análogos.

Cando dentro do establecemento colectivo existan vivendas de carácter familiar (véxase a seguinte definición), normalmente destinadas ao persoal directivo, administrativo ou de servizo do establecemento, estas serán consideradas como vivendas familiares.

Vivenda familiar

Vivenda destinada a ser habitada por unha ou varias persoas, xeral pero non necesariamente unidas por parentesco, e que non constitúen unha *vivenda colectiva* (véxase a definición anterior de vivenda colectiva).

Non se inclúen, en cambio, os recintos construídos inicialmente para vivendas pero que se utilizan exclusivamente para outros fins (vivendas que se transformaron totalmente en oficinas, talleres, almacéns...).

A pesar de non cumprir estritamente a definición, tamén se consideran vivendas familiares os *aloxamentos*, que se definen a continuación.

Aloxamento

Vivenda familiar que presenta a particularidade de ser móbil, semipermanente ou improvisada, ou ben que non fora concibida nun principio con fins residenciais pero que constitúe a residencia dunha ou varias persoas.

Os aloxamentos poden ser:

1. Fixos

- As vivendas semipermanentes que, aínda que son semellantes ás vivendas familiares nalgúns aspectos, son utilizadas nada máis que durante un tempo limitado (normalmente menos de 10 anos).
- Determinados recintos destinados a vivenda que se constrúen sen ningún piar e con materiais de desfeito (latas, caixas...): chabolas, chozas...
- Outros recintos, cuxo destino inicial non é o de ser unha vivenda, e que non foron reconstruídos nin reformados para ser utilizados con fins residenciais, pero nos que pese a iso vive xente no seu interior; por exemplo, os espazos situados en cortes, palleiros, muíños, garaxes, almacéns, locais..., así como as covas e outros refuxios naturais que foron habilitados para vivir neles.

2. Móviles

Os que foron construídos para ser transportados ou que constitúen un recinto móbil, e serven de domicilio a unha ou varias persoas, tales como tendas de campaña, barcos, iates, remolques... Non se consideran aloxamentos móbiles os departamentos reservados a viaxeiros en medios de transporte colectivo (barcos, ferrocarrís...).

Membro dunha vivenda familiar (principal)

Unha persoa considérase membro dunha vivenda familiar se reside habitualmente nela (e cando nunha vivenda familiar reside polo menos unha persoa, esta vivenda é vivenda familiar principal e, por tanto, obxecto de estudo nesta enquisa).

Vivenda familiar principal

Considérase vivenda familiar principal a toda vivenda familiar que é utilizada como *residencia habitual* dun ou máis fogares. As vivendas familiares que son de tempada, deshabitadas, etc. non son residencia habitual e polo tanto non son principais.

Residencia habitual

Unha persoa considérase que **reside habitualmente** (tamén dicimos que é a súa **residencia principal** ou que **vive habitualmente**) na vivenda que ten como domicilio e na que pasa a maior parte do seu descanso diario. Pero se por calquera motivo, traballo, estudos, etc. unha persoa ten varios domicilios, debe terse en conta que só un deles se considera habitual ou principal. Da mesma maneira, para as persoas que por calquera circunstancia non teñan un domicilio que poidan considerar a súa residencia habitual e no momento da enquisa estean residindo nunha vivenda da mostra é necesario determinar se se considera ou non, membro do fogar que reside na devandita vivenda. Para decidir nestes casos, hai que ter en conta o seguinte:

1. Para unha persoa que estea *residindo en varios domicilios* debe considerarse o que fora o principal nos últimos 6 meses.

2. Se unha persoa *cambiou recentemente de residencia* débese cambiar o criterio anterior dos últimos 6 meses, e considerar que o seu novo domicilio é a súa residencia habitual se ten intención de residir principalmente nela durante un período de seis ou máis meses.

3. *O servizo doméstico e outros desprazados do seu domicilio por traballo, estudos, internados en centros, etc.:*

a) *Servizo doméstico.* Inclúe toda persoa que presta ao fogar servizos de carácter doméstico (tales como choferes, doncelas, cuidadores de nenos ou asistentas do fogar) a cambio dunha remuneración (en diñeiro ou en especie). Para estes casos considérase a súa residencia principal a vivenda na que traballan ou viven actualmente se non teñen outra en territorio español que por ser da súa propiedade, da súa familia, etc. a consideren como tal. Iso é así, independentemente do tempo que dure esa situación.

b) *Persoas desprazadas por traballo, estudos, viaxe, etc.* Considérase o mesmo criterio que para o servizo doméstico.

c) *Persoas ausentes da súa vivenda habitual por estar internadas* en hospitais, clínicas, asilos, cárceres e outras institucións. Para estas persoas non se considera que residen na devandita vivenda se a ausencia total vai a ser igual ou superior a 6 meses.

4. *Persoas presentes sen residencia habitual:* Unha persoa que se atope residindo nunha vivenda da mostra no momento da enquisa e que por calquera circunstancia non teña unha residencia que poida considerarse principal ou habitual segundo o descrito anteriormente, a efectos da enquisa considérase residente na devandita vivenda e polo tanto é obxecto de investigación dentro da mesma.

Presenza / Ausencia

Unha persoa considérase presente se pernoita na vivenda polo menos unha noite durante o período de entrevistas (o período de entrevistas é o tempo *de permanencia* na sección).

Unha persoa que reside habitualmente nunha vivenda considérase ausente (temporal) da mesma se non pernoita ningún día durante o período de entrevistas. A ausencia temporal pode ser debida a varias causas, como son estar internado nun hospital ou clínica, nun establecemento de ensinanza en réxime de internado, colexio maior ou residencia de estudantes, noutra institución (cárceres, asilos, etc.), por estar traballando fóra, de viaxe, ou por outras razóns.

Persoa de referencia

Considérase persoa de referencia da vivenda a aquel membro de 18 ou máis anos que reside na vivenda e a cuxo nome estea o título de propiedade (vivenda en propiedade) ou o contrato de arrendamento ou subarrendamento da vivenda (vivenda en aluguer). No caso de que a vivenda a gocen por cesión gratuíta, considerárase persoa de referencia da vivenda ao individuo ao que se lle cedera.

Se *dúas ou máis persoas* comparten a responsabilidade da vivenda, a que aporte máis ingresos ao presuposto común será a persoa de referencia. En calquera caso o informante será unha persoa de 18 ou máis anos.

Informante da vivenda

O informante idóneo para ser entrevistado no contacto inicial e que debe dar a información xeral da vivenda debe ser a persoa de referencia da vivenda. Se non fose posible, debe ser alguén maior de idade que poida “falar en nome” da vivenda.

Por iso, de forma xeral, recoméndase a seguinte orde de preferencia:

- A persoa de referencia da vivenda
- Outra persoa adulta, membro desta vivenda
- En casos moi excepcionais, como sucedería por exemplo nunha vivenda formada por persoas maiores ou incapacitadas que vivan soas, permítese que o informante sexa unha persoa non–membro da vivenda (por exemplo, un fillo ou algún achegado que coñeza perfectamente a situación da vivenda).

Persoa enquisable

Considéranse enquisables as persoas membros da vivenda que teñan no mes anterior ao da entrevista 16 ou máis anos.

É necesario determinar as persoas enquisables para seleccionar entre elas, unha que debe contestar ao módulo individual do cuestionario.

Persoa seleccionada

Considérase persoa seleccionada a aquela que se obtén a partir da *táboa de membros da vivenda* (táboa de Kish) e vai ser a persoa encargada de responder ao módulo de preguntas relativas a persoas.

4. Unidades de análise e de mostraxe

Unidades de análise

Considéranse na enquisa dúas unidades básicas de observación e análise:

- As vivendas familiares principais
- As persoas de 16 e máis anos

Nunha mesma vivenda familiar poden residir un ou máis fogares no sentido tradicional do termo.

Unidades de mostraxe

Considérase como unidade de mostraxe a *vivenda familiar principal* e como unidade última de mostraxe unha persoa de 16 e máis anos que reside nesa vivenda. A unidade primaria de mostraxe será a sección censal e a vivenda será a unidade de segunda etapa.

5. Deseño da mostra

Tipo de mostraxe

O tipo de mostraxe utilizado é bietápico estratificado. Selecciónase unha mostra independente dentro de cada estrato no que se divide a comunidade autónoma de Galicia.

As unidades de primeira etapa son as seccións censais existentes con referencia a xaneiro de 2008.

As unidades de segunda etapa son as vivendas familiares principais.

A comunidade autónoma galega está dividida en estratos e á súa vez en subestratos.

Os estratos constrúense seguindo un criterio demográfico, no que se asigna a cada municipio o seu estrato correspondente, dependendo do tamaño do mesmo. Realizouse a seguinte clasificación:

- Estrato 0: Municipios de 500.000 habitantes ou máis
- Estrato 1: Municipio capital de provincia con menos de 500.000 habitantes
- Estrato 2: Municipios con máis de 100.000 habitantes, excepto os anteriores
- Estrato 3: Municipios de 50.000 a 100.000 habitantes, excepto os anteriores
- Estrato 4: Municipios de 20.000 a 50.000 habitantes, excepto os anteriores
- Estrato 5: Municipios de 10.000 a 20.000 habitantes
- Estrato 6: Municipios con menos de 10.000 habitantes

Esta clasificación é a mesma que usa o INE en todo o ámbito nacional.

En concreto en Galicia, pola distribución de poboación obtemos todos os estratos menos o estrato 0.

Dentro de cada estrato, á súa vez, os municipios agrúpanse en subestratos de acordo ás características do grao de urbanización de cada municipio.

A clasificación nestes subestratos baséase na clasificación por zonas segundo a densidade de poboación proposta por Eurostat. Esta é:

1. *Zonas densamente poboadas (ZDP)*: estas son os grupos de municipios contiguos, cada un cunha densidade demográfica superior a 500 habitantes/quilómetro ², e una poboación total para a zona de polo menos 50.000 habitantes.

2. *Zonas intermedias (ZIP)*: estas son os grupos de municipios, cada un cunha densidade superior a 100 habitantes/quilómetro ², non pertencendo a una zona densamente poboada. A poboación total da zona debe ser polo menos 50.000 habitantes, ou debe ser adxacente a unha zona poboada densamente.

3. *Zonas escasamente poboadas (ZEP)*: estas son os grupos de municipios non clasificados como densamente poboados nin como zona intermedia.

Un municipio ou un grupo continuo de municipios que non alcanzan o nivel de densidade requirido, pero están totalmente contidos nunha zona densamente poboada ou intermedia, considéranse como parte de aquela zona. De ser localizado entre unha zona densamente poboada e unha zona intermedia, considérase como intermedia. Para aplicar isto, o grupo de municipios afectados debe ter unha área de menos de 100 quilómetros ².

A comunidade autónoma galega está composta por 315 municipios dos cales o 4,13% corresponden á ZDP, o 23,49% a ZIP e o grupo máis numeroso, ZEP, supón un 72,38% do total. No estrato 6, hai municipios de tipo ZIP e tipo ZEP. Aínda así as características socioeconómicas da poboación neste último grupo, son moi diversas, atendendo a se estes pertencen á costa ou ao interior de Galicia. Así que se divide o estrato 6, en dous subestratos: concellos da costa e concellos do interior. En resume, obtemos a seguinte estrutura, para os subestratos.

- No E1 hai dous subestratos ZDP y ZIP.
- No E2 hai un subestrato ZDP.
- No E3 hai dous subestratos ZDP y ZIP.
- No E4 hai tres subestratos ZDP, ZIP y ZEP. Atendendo ás súas características únense os ZIP y os ZEP, obtendo así dous subestratos.
- No E5 hai tres subestratos ZDP, ZIP y ZEP. Atendendo as súas características únense os ZDP e os ZIP, obtendo así dous subestratos.
- No E6 hai dous subestratos COSTA e INTERIOR.

Tamaño da mostra

No total de Galicia selecciónanse un total de 139 seccións, co seguinte reparto por estratos:

- Estrato E1: 26 seccións.
- Estrato E2: 16 seccións.
- Estrato E3: 11 seccións.
- Estrato E4: 21 seccións.
- Estrato E5: 24 seccións.
- Estrato E6: 41 seccións.

Para a afixación por estratos pártese dun mínimo de 4 seccións por estrato. Unha vez fixado este mínimo faise un reparto proporcional ao tamaño da poboación.

Nos subestratos faise directamente un reparto análogo ao anterior.

Obtense o seguinte cadro:

Substratos	Afixación
E1 ZDP	21
E1 ZIP	5
E2 ZDP	16
E3 ZDP	5
E3 ZIP	6
E4 ZDP	9
E4 ZIP-ZEP	12
E5 ZDP-ZIP	17
E5 ZEP	7
E6 Costa	12
E6 Interior	29

Selección da mostra

As seccións selecciónanse dentro de cada estrato con probabilidade proporcional ao tamaño. As vivendas, en cada sección, con igual probabilidade mediante mostraxe sistemático con arranque aleatorio. Este procedemento conduce a mostraxas autoponderadas de vivendas en cada estrato.

Estimadores

Para estimar as características da enquisa, utilízanse estimadores de razón aos que se aplican técnicas de calibrado, tomando como variables auxiliares a información dispoñible sobre variables de fogares e poboación da comunidade autónoma, e que estean correlacionadas coas características de estudo.

Erros de mostraxe

Para o cálculo dos erros de mostraxe utilízase o método Jackknife, usado habitualmente nas enquisas de fogares.

6. Recollida de información

Método de recollida

O método de recollida foi común en todo o territorio, co obxecto de garantir a homoxeneidade.

O método de entrevista que se utilizou, en xeral, foi o de entrevista persoal, coa visita dun enquisador á vivenda seleccionada. Tamén se ofreceu a posibilidade de subministrar a información a través de Internet ou incluso dun número 900. No caso de que se obtivera a

información da vivenda pero non do individuo contemplouse a posibilidade de que o resto da entrevista se fixera por teléfono ou por Internet.

Non se permitiu a entrevista “proxi” (que outra persoa proporcionase os datos da persoa seleccionada), pero si se permitiu, en caso de incapacidade da persoa seleccionada, que outra persoa lle axudase a dar a información.

Cuestionario

A entrevista persoal recolleuse mediante cuestionarios en papel que constan de dúas partes, unha “xeral” para ser contestada pola persoa de referencia da vivenda e outra “individual” que se referiu a unha persoa en concreto, membro da vivenda de 16 ou máis anos e que foi seleccionada aleatoriamente.

A parte xeral consta de varios apartados destinados a recoller información sobre os hábitos, pautas de consumo e actitudes dos fogares en relación co medio, así como sobre o equipamento das vivendas e o uso que fan deste en relación con diferentes aspectos ambientais.

No apartado da persoa seleccionada esta respondeu sobre determinados hábitos relacionados co uso do transporte, a súa conciencia ambiental e sobre unha serie de variables sociais básicas (nacionalidade, estado civil, situación profesional e nivel de estudos).

7. Presentación de resultados

Os resultados que se presentan na páxina Web do IGE están tamén estruturados en función dos dous modelos distinguidos no cuestionario, o referido ás características da vivenda e o seu comportamento ante determinados aspectos do medio e o módulo deseñado para unha persoa seleccionada aleatoriamente entre os membros do fogar.

Características da vivenda en relación co medio

I. Auga

a) Dispositivos para aforrar auga

Pídese aos membros da vivenda que informen se dispoñen dalgún dos seguintes dispositivos / mecanismos para aforrar auga en billas, ducha e inodoros:

- Billa monomando ou termostática
- Outros dispositivos economizadores de auga como perlizadores, atomizadores, redutores de caudal, con detector sensor de infravermellos, con interruptor temporizado...
- Mecanismos limitadores de descarga para cisterna incluída a colocación dunha botella chea de auga ou outro obxecto dentro da cisterna, para conseguir o mesmo efecto.

A estes efectos entendemos por **billa monomando** a que ten un só mando para regular o fluxo, a cantidade e a temperatura da auga.

Unha **billa termostática** é a que dispón dun selector de temperatura que mantén a calor desexada. A elección faise cunha escala en graos que veñen no mando da billa. Este sistema permite ao consumidor pechala para enxaboarse e abríla despois coa tranquilidade de saber que a auga segue á mesma temperatura. Ambos os dous dispositivos permiten aforrar enerxía e auga, debido ao gasto evidente de regular a temperatura.

Os **perlizadores** son dispositivos que mesturan aire coa auga, mesmo cando hai baixa presión, saíndo as gotas de auga en forma de "perlas". Así, tense a impresión de estar recibindo maior volume de auga, cando en realidade trátase de auga mesturada con aire. Os **atomizadores** son dispositivos que funcionan como difusores de auga; son sinxelos aparatos, algúns tan coñecidos como as tradicionais "alcachofas" das billas. Os **reductores de caudal** son dispositivos que reducen o caudal da auga en función da presión e poden conseguir un aforro importante.

Os **limitadores de descarga para cisterna** son dispositivos que, colocados no tubo do sumidoiro ou sobre a válvula do descargador do inodoro, converten dunha forma moi sinxela e económica unha cisterna convencional en aforradora. Este accesorio pechará automaticamente a válvula cando se descargasen dous litros; cantidade suficiente para limpar na maior parte das veces o sanitario. Se non fose bastante, bastaría con suxeitar o tirador uns segundos para que a cisterna se descargue por completo. Estes dispositivos son económicos e instálanse con facilidade na grande parte dos inodoros. A excepción son as cisternas altas, que precisan unha lixeira modificación.

b) Hábitos para reducir o consumo de auga

Pregúntase sobre unha serie de hábitos para reducir o consumo de auga e débese contestar afirmativa ou negativamente segundo o comportamento dos membros da vivenda. Interesa recoller se os membros do fogar:

- Reciclan a auga
- Teñen unha botella de auga fría no frigorífico para non deixar correr a auga
- Desconxelan a comida con antelación para evitar facelo debaixo da billa
- Enchen os seos do vertedoiro antes de lavar a louza
- Esperan a que estean cheos o lavalouza e a lavadora antes de poñelos en marcha
- Pechan un pouco a chave de paso para diminuír o caudal das billas
- Teñen no cuarto de baño unha papeleira para non utilizar o inodoro como caldeiro do lixo

II. Enerxía

a) Tipo de enerxía utilizada

Deséxase coñecer a utilización ou non de electricidade na vivenda.

A estes efectos, considérase que nunha vivenda dispoñen de **electricidade** cando esta procede dunha rede xeral de distribución e é conducida ao interior da vivenda por unha instalación fixa, ou é producida por un xerador propio do edificio.

Tamén se investiga a dispoñibilidade ou non de enerxía solar na vivenda.

Ademais da electricidade e da enerxía solar, deséxase coñecer outras posibles fontes de enerxía utilizadas na vivenda .Considéranse as seguintes:

- Gas canalizado
- Gases licuados do petróleo (butano, propano...) / Bombona de gas
- Madeira
- Combustibles líquidos (gasóleo,...)
- Outra fonte de enerxía ou combustible que se debe especificar

b) Sistema de calefacción dispoñible

Deséxase coñecer a dispoñibilidade ou non de calefacción na vivenda.

Considérase que unha vivenda ten **calefacción**, cando dispón dalgunha instalación ou sistema que permite elevar a temperatura en toda ela ou na maior parte da mesma. Inclúense os sistemas de alimentación de aire quente ou por auga quente.

Pregúntase para cada un dos sistemas de calefacción que figuran a continuación se son utilizados na vivenda.

Calefacción eléctrica

- Caldeira individual eléctrica
- Radiadores e acumuladores eléctricos
- Fío radiante

Calefacción de gas

- Calefacción central de gas
- Calefacción individual de gas
- Gas non canalizado (Estufas de bombonas de gas)

Calefacción de gasóleo

- Calefacción individual de gasóleo
- Calefacción central de gasóleo

Outros sistemas de calefacción

- Bombas de calor
 - Canalizado (por condutos)
 - Non canalizado
- Calefacción central de carbón
- Madeira
- Outros

A estes efectos, considérase que unha vivenda ten **calefacción individual**, cando a xeración do sistema de calor se produce dende un sistema de alimentación situado na vivenda propiamente dita.

Considérase que unha vivenda ten **calefacción colectiva (calefacción central)**, cando a xeración de calor se produce dende un sistema de alimentación común para o edificio ou conxunto de edificios.

Tamén se facilita información das temperaturas medias dos fogares, no caso de dispor de calefacción con termóstato ou aire acondicionado.

c) Medidas de aforro enerxético

1. Illamento térmico

Pregúntase pola dispoñibilidade na vivenda dos seguintes dispositivos:

- Toldo
- Persiana ou contraventá
- Cristais tinguidos ou protectores solares
- Dobre cristal
- Rotura de ponte térmica

2. Dispoñibilidade dalgún tipo de luz de baixo consumo

Pregúntase pola dispoñibilidade ou non de tubos ou luces fluorescentes na vivenda ou de lámpadas de baixo consumo (incluídos halóxenos).

III. Residuos

Pregúntase pola separación e depósito (ou non) nun punto de recollida específico dos seguintes residuos:

Os que chamaremos residuos cotiás ou máis habituais

- Residuos orgánicos
- Papel e cartón
- Vidro
- Envases de plástico, metálicos (latas...)

E a eliminación doutros residuos non seus contedores específicos ou nos puntos limpos:

- Produtos químicos, pintura e produtos de limpeza
- Medicamentos
- Pilas, pequenas baterías
- Teléfonos móbiles
- Aparatos eléctricos (electrodomésticos, ordenadores,...)
- Mobles e outros aparellos domésticos
- Entullos e restos de obras menores
- Aceites de cociña
- Tubos fluorescentes
- Têxtils e calzado

IV. Equipamento da vivenda

Dispoñibilidade ou non dos seguintes grandes electrodomésticos no fogar:

- Frigorífico
- Lavadora
- Secadora independente
- Lavalouza
- Conxelador independente
- Cociña
- Forno
- Campá extractora

Dispoñibilidade ou non de algún dos seguintes aparatos audiovisuais:

- Televisor
- Reprodutor / gravador DVD
- Descodificador TDT (incluídos os integrados no televisor)
- Cadea, equipo de música
- Ordenador (de sobremesa e/ou portátil)
- Vídeoconsola (xogos)
- Aparato de vídeo

Tabúlase tamén a dispoñibilidade ou non dunha serie de pequenos electrodomésticos:

- Microondas (con ou sen forno)
- Robot de cociña
- Batedor
- Espremedor eléctrico
- Torrador eléctrico ou sandwichera
- Cafeteira eléctrica
- Grill ou prancha eléctrica para cociñar
- Máquina de afeitar eléctrica
- Secador de pelo
- Ventilador (portátil ou de teito) (en verano)
- Limpadora a vapor
- Aspirador
- Prancha para a roupa
- Manta eléctrica (en inverno)

V. Problemas de ruídos e malos olores

a) Ruídos

1. Situación ante os ruídos

Pregúntase aos fogares se sufriron ou non problemas de ruídos ao longo do ano 2007 e cal foi a causa que orixinou os problemas de ruído:

- Tráfico terrestre
- Tráfico aéreo
- Dos veciños
- De orixe animal
- De orixe mecánico incluídas obras
- Actividades comerciais e de ocio
- Botellón (ou outro tipo de reunións informais urbanas)
- Outra causa que se debe especificar

2. Medidas adoptadas para solucionar os problemas de ruídos

Preténdese investigar se tomaron medidas con respecto aos problemas de ruídos, como:

- Insonorización da vivenda
- Cambio de residencia
- Queixarse ao causante
- Denuncia do feito
- Formar unha asociación ou asociarse con organismos para loitar contra o problema
- Outra medida que se deberá especificar

ou manifestaron que non tomaron ningunha medida.

Nas táboas preséntase só o número de vivendas que tomaron algunha medida.

b) Olores

1. Situación ante os malos olores

Pregúntase aos fogares se sufriron ou non problemas de malos olores ao longo do ano 2007.

No caso de ter sufrido problemas de malos olores preténdese coñecer cales son as causas que os orixinaron:

- Fumes, tabaco
- Canalizacións, saneamento,...
- Explotacións agrarias
- Industrias alimentarias
- Comercios, talleres, ...
- Contedores de residuos
- Vertedoiros
- Outra causa que se debe especificar

2. Medidas adoptadas para solucionar o problema de malos olores

Preténdese investigar se tomaron algunha das seguintes medidas contra os malos olores sufridos:

- Poñer depuradores de aire na vivenda
 - Cambiarse de residencia
 - Limpar a zona
 - Queixarse ao causante
 - Denunciar o feito
 - Formar unha asociación ou asociarse con organismos para loitar contra o problema
 - Outra medida que se deberá especificar
- ou ben non tomaron ningunha medida.

Ao igual que no caso dos ruídos, preséntase só o número de vivendas nas que tomaron algunha medida.

VI. Transporte e mobilidade

Investígase o número de vehículos, para uso persoal, do que dispoñen os membros da vivenda, dando o número medio de vehículos por vivenda e o número de vivendas con algún vehículo (e especificamente con 1, 2 e 3 ou máis vehículos).

A estes efectos, inclúense os que posúa o fogar que non teñan matrícula industrial (ou téndoas sexan utilizados preferentemente polos membros do fogar como medio de transporte persoal). Exclúense os taxis e demais automóbiles de transporte público non utilizados preferentemente como medio de transporte persoal polos membros da vivenda. Sen embargo quedan incluídos neste apartado os vehículos todo terreo ou as furgonetas, cuxo fin sexa o transporte persoal.

VII. Estilos de vida e pautas de consumo

a) Utilización de determinados produtos

Para investigar os hábitos de consumo dos fogares, pregúntase pola frecuencia de utilización dos seguintes produtos:

- Produtos de usar e tirar
- Papel reciclado
- Envases retornables
- Pilas ou baterías recargables

Considéranse as seguintes categorías, explotando os datos cando a resposta é “con bastante frecuencia”, que se corresponde coas categorías 3 e 4 (“con certa frecuencia” ou sempre que é posible):

- Nunca
- Ás veces
- Con certa frecuencia

- Sempre que é posible
- NS/NC

b) Factores considerados no momento de comprar un novo produto

Pídese a valoración dalgunhas características dun produto cando se vai comprar un novo. As características son :

- Prezo
- Marca
- Consumo / eficiencia enerxética (no caso de electrodomésticos)
- Etiqueta ecolóxica / garantía ecolóxica (alimentos ecolóxicos)
- Produto local / proximidade de produción

A valoración pode ser:

- Nada importante
- Pouco importante
- Bastante importante
- Moi importante

E explótanse cando a resposta é “bastante” ou “moi importante”.

Características relativas á persoa seleccionada

I. Transporte

a) Medio de transporte utilizado pola persoa seleccionada

Deséxalle coñecer o medio de transporte utilizado pola persoa seleccionada. Os posibles medios recollidos son:

Transporte público :

- Taxi
- Autobús
- Metro/tranvía (incluído o tren lixeiro)
- RENFE ou outros trens
- Outros medios colectivos a especificar, entre os que se recollen os transportes escolares ou as liñas de autobús que poñen as empresas a disposición dos seus empregados.

Transporte privado :

- Coche
- Moto/ciclomotor

Outros:

- Bicicleta
- A pé
- Ningún

Publícanse os datos dos máis utilizados e dos totais por categorías.

b) Motivos para utilizar o transporte público

Deséxase coñecer os motivos (ata un máximo de tres) polos que a persoa seleccionada utiliza usualmente o transporte público, segundo a seguinte listaxe:

- Comodidade/menos estrés
- Ten a parada cerca de casa
- É máis seguro
- É máis rápido
- É máis barato
- Non ten vehículo
- Non dispón de permiso de conducir
- Outro membro da familia necesita o vehículo
- Non dispón de aparcamento alí onde vai
- Conciencia ambiental
- Outra razón que debe especificar

Nas táboas publicadas aparecen as porcentaxes das persoas seleccionadas que usan o transporte público e os motivos máis utilizados, o resto dos motivos reúnen no apartado "Outros":

- Comodidade/menos estrés
- Ten a parada cerca de casa
- Non ten vehículo
- Non dispón de permiso de conducir
- Outros

c) Motivos para ir camiñando ou en bicicleta

Deséxase coñecer os motivos (ata un máximo de tres) polos que a persoa seleccionada vai principalmente camiñando ou en bicicleta cando se despraza, segundo a seguinte listaxe:

- Exercicio/saúde
- Proximidade
- Custo
- Hai carrís ou camiños adecuados
- Non hai ningún outro transporte
- Por entretemento
- Porque non pode aparcarse o coche
- Por conciencia ambiental
- Por outra razón que se debe especificar

Ao igual que no caso anterior publícanse só os motivos máis frecuentes, o resto reúnen no apartado "Outros":

- Exercicio/saúde
- Proximidade
- Outros

II. Conciencia ambiental

a) Preocupación polo medio

Deséxase coñecer a preocupación da persoa seleccionada polo medio. As categorías de resposta posibles son:

- Ningunha
- Pouca
- Moita
- NS/NC

Publícase a porcentaxe de persoas preocupadas e moi preocupadas.

b) Coñecemento de campañas e detección dalgún problema ambiental

Deséxase coñecer se ao longo do ano 2007 a persoa seleccionada tivo coñecemento dalgunha campaña de sensibilización relativa á protección do medio (auga, enerxía, reciclaxe, ...) e se detectou ou non no seu entorno algún problema ambiental.

c) Participación en actividades relacionadas co medio

Deséxase coñecer se ao longo de 2007 a persoa seleccionada participou ou non nalgunha das seguintes actividades:

- Colaborar con algunha organización en defensa do medio
- Participar en voluntariados ambientais
- Firmar en contra de situacións consideradas prexudiciais para o medio (desenvolvementos urbanísticos ou proxectos concretos de calquera tipo)
- Manifestarse contra algunha situación prexudicial para o medio
- Denunciar persoalmente algún problema que identificou

d) Opinión sobre determinadas medidas para a protección do medio

Deséxase saber se a persoa seleccionada estaría a favor ou non dunha serie de medidas para a protección do medio. As posibles medidas son:

- Obrigar, baixo multa, á separación de residuos domésticos
- Regular ou restrinxir o consumo abusivo de auga de cada vivenda
- Establecer un imposto ambiental aos combustibles máis contaminantes
- Establecer medidas restritivas no uso do transporte privado
- Establecer un imposto ecolóxico ao turismo
- Instalación dun parque de enerxía renovable (eólica ou solar) no seu municipio, a pesar do efecto sobre a paisaxe
- Pagar máis polo uso de enerxías alternativas

- Reducir o ruído das vías principais de circulación (paneis antirruído, pavimento sonorreductor)

Principais variables de clasificación

Aínda que se pretende, con carácter xeral, que as variables de clasificación sexan as correspondentes ás *variables sociais básicas*¹ europeas que se espera que sexan aprobadas en breve no seo de Eurostat, é preciso convir nalgúns casos, dentro do amplo abano de posibilidades, unha desagregación específica para non sobrecargar o traballo da enquisa (codificación, gravación.....). Tal é o caso das variables *país de nacemento, país de nacionalidade, actividade económica, estudos de máis alto nivel alcanzados e ocupación*.

A efectos de clasificación distínguese entre as variables de clasificación de vivendas/fogares e as variables de clasificación de persoas.

Variables de clasificación de vivendas / fogares

As vivendas clasifícanse atendendo ás súas propias características. Tense en conta a seguinte desagregación: provincia onde se localiza a vivenda, o tipo de municipio ao que pertence a vivenda, o tamaño da vivenda, o tipo de fogar e os ingresos mensuais netos do fogar.

1. Provincia:

- A Coruña
- Lugo
- Ourense
- Pontevedra
- Galicia (o total da comunidade)

2. Tipo de municipio

A desagregación que se utiliza nas táboas de resultados é:

- Capitais de provincia e municipios de máis de 100.000 habitantes
- De 50.000 a 100.000 habitantes
- De 20.000 a 50.000 habitantes
- De 10.000 a 20.000 habitantes
- Menos de 10.000 habitantes

3. Tamaño da vivenda

As vivendas clasifícanse en:

- Vivenda con 1 membro
- Vivenda con 2 membros
- Vivenda con 3 membros

¹ O proxecto EHS avanza en paralelo en Eurostat con outro, chamado *Core Social Variables (CSV)*. Estas variables sociais "básicas" de clasificación, que na actualidade son 16, preténdense introducir en todas as enquisas dirixidas á poboación e servirían para incrementar a comparabilidade entre diferentes enquisas. A enquisa Social incorporaría a maioría das CSV.

- Vivenda con 4 ou máis membros

4. Tipo de fogar da persoa de referencia da vivenda

A estes efectos entendemos por **fillo** tanto ao nacido dentro da parella ou adoptado como ao que pertence a un só dos cónxuxes, sempre que teña a súa residencia habitual na vivenda e que non teña parella ou fillos propios vivindo na mesma vivenda.

Por outra parte, tense en conta que se na vivenda residen varios fogares, esta clasificación aplicarase ao fogar da persoa de referencia da vivenda.

Considérase a seguinte clasificación:

- Fogar unipersoal
- Parella soa
- Parella con algún fillo, que comprende:
 - Parella con algún fillo menor de 25 anos
 - Parella con todos os fillos maiores de 25 anos
- Pai ou nai só, con algún fillo, que comprende:
 - Pai ou nai só, con algún fillo menor de 25 anos
 - Pai ou nai só, con todos os fillos maiores de 25 anos
- Outro tipo de fogar:
 - Parella ou pai ou nai só, con algún fillo menor de 25 anos e outras persoas vivindo no fogar
 - Outros

5. Ingresos mensuais netos do fogar da persoa de referencia da vivenda

Contabilízase a suma dos ingresos regulares medios procedentes de todas as fontes, percibidos por todos os membros do fogar como media dos últimos doce meses, deducindo os impostos e as cotizacións sociais. É preciso facer a media das pagas extraordinarias e outros ingresos extraordinarios percibidos regularmente. Téñense en conta os ingresos de todos os membros do fogar, aporten ou non estes ingresos na súa totalidade ou en parte para sufragar os gastos do fogar.

No cómputo do importe destes ingresos mensuais tense en conta que para os **ingresos do traballo por conta allea**, débese sumar ao importe mensual o rateo dos ingresos regulares que non teñan periodicidade mensual (pagas extraordinarias e outros ingresos extraordinarios que se perciban regularmente). Para os **ingresos do traballo por conta propia** débese descontar do importe dos ingresos mensuais os gastos deducibles, retencións a conta ou pagos fraccionados. Se hai varios fogares na vivenda, só se consideran os ingresos dos membros do fogar ao que pertence a persoa de referencia.

Considéranse os seguintes intervalos de ingresos regulares mensuais netos do conxunto de membros do fogar:

- Menos de 1.100 euros
- De 1.101 a 1.800 euros

- De 1.801 a 2.700 euros
- Máis de 2.700 euros
- NS/NC

Variables de clasificación relativas á persoa seleccionada

As variables relativas ás persoas seleccionadas clasifícanse segundo o seu carácter sociodemográfico ou socioeconómico.

a) Variables relativas ás características sociodemográficas da persoa seleccionada

1. Provincia de residencia:

- A Coruña
- Lugo
- Ourense
- Pontevedra
- Galicia (o total da comunidade)

2. Tipo de municipio de residencia da persoa seleccionada

A desagregación que se utiliza nas táboas de resultados é:

- Capitais de provincia e municipios de máis de 100.000 habitantes
- De 50.000 a 100.000 habitantes
- De 20.000 a 50.000 habitantes
- De 10.000 a 20.000 habitantes
- Menos de 10.000 habitantes

3. Sexo da persoa seleccionada

- Homes
- Mulleres

4. Idade da persoa seleccionada

- Menos de 45 anos
- De 45 a 64 anos
- 65 ou máis anos

5. País de nacemento da persoa seleccionada

- España
- Fóra de España (como suma de outros países da UE e fóra da UE)

6. Nacionalidade da persoa seleccionada

Na publicación, a persoa seleccionada clasifícase, segundo a súa nacionalidade, en:

- Española
- Estranxeira

Neste sentido, as persoas con dobre nacionalidade, unha delas española, inclúense entre os españois.

7. Estado civil legal da persoa seleccionada

Considérase a seguinte clasificación

- Solteiro
- Casado
- Viúvo
- Separado legalmente ou divorciado

8. Convivencia en parella da persoa seleccionada

A persoa seleccionada clasifícase en:

- Convive actualmente en parella
- Non convive actualmente en parella

9. Nivel de estudos rematados da persoa seleccionada

Esta característica refírese aos estudos de máis alto nivel completados pola persoa seleccionada.

Clasifícanse nos seguintes códigos:

- Sen estudos ou estudos primarios incompletos (suma de non sabe ler nin escribir e estudos primarios incompletos)
- Estudos primarios ou equivalentes
- Ensino secundario de primeira etapa
- Estudos de bacharelato
- Ensinanzas profesionais de grao medio ou equivalentes
- Ensinanzas profesionais de grao superior ou equivalentes
- Estudos universitarios de primeiro ciclo ou equivalente
- Estudos universitarios de segundo ou terceiro ciclo ou equivalente

b) Variables relativas ás características socioeconómicas da persoa seleccionada

Relación da persoa seleccionada coa actividade económica

Clasifícanse en:

- Ocupados
 - Ocupados a tempo completo (realiza un traballo a tempo completo)
 - Ocupados a tempo parcial (realiza un traballo a tempo parcial)
- Parados (desempregados)
- Inactivos
 - Xubilado, pre- xubilado, retirado do negocio ou incapacidade
 - Labores do fogar (dedicado aos labores do fogar)
 - Alumno, estudante, experiencia laboral non remunerada e outros

A relación da persoa seleccionada coa actividade económica determínase a partir da propia autoclasificación da persoa.